



CONSELLERÍA  
DO MAR



Cofinanciado por  
la Unión Europea



## **ANEXO TÉCNICO-ECONÓMICO PARA A EXECUCIÓN DA MEDIDA 202595S3M01 ASESORAMENTO AOS PRODUCTORES EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**

**ANUALIDADE 2024: 20.000,00 €**

**Traballo 1: Elaboración das unidades didácticas para impartir nos talleres formativos temáticos de asesoramento de PRL. Elaboraranse unidades didácticas para 5 tipos de talleres temáticos. Os talleres serán sobre:**

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde. Incluirá contidos xerais sobre seguridade e normativa e o recoñecemento de posibles enfermidades laborais
2. Promoción de hábitos saudables para a mellora laboral
3. Riscos xerais. Identificación dos posibles riscos e perigos nas tarefas e lugares de traballo, conductas perigosas e condicións inseguras. Identificación de patróns e áreas de risco recurrente.
4. Riscos específicos de prevención no sector de marisqueo a flote. Uso adecuado dos EPIS
5. Recoñecer riscos ergonómicos e psicosociais asociados aos postos de traballo no sector no marisqueo.

Cada taller terá as unidades temáticas necesarias para dar resposta e asesorar en PRL aos produtores. Cada taller formativo, as suas unidades didácticas e o material específico incluirán unha indicación ao financiamento público cos logotipos do fondo FEMPA, Xunta de Galicia e a OPP95. Se entregará modelo desde a OPP95 ao adxudicatario.

**Traballo 2: Organización e impartición de 8 talleres formativos teórico-prácticos en 2024 coas seguintes características:**

- Organizar de 8 talleres formativos a escoller entre os 5 talleres temáticos para os que xeran os contidos e unidades didácticas en función das necesidades e intereses dos produtores.
- Duración de cada taller formativo temático: 4 horas
- Lugar de impartición: instalacións da OPP NOIA.
- O material específico para os cursos levará unha indicación ao financiamento público cos logotipos do fondo FEMPA, Xunta de Galicia e a OPP95. Se entregará modelo desde a OPP95 ao adxudicatario.
- Para cada curso:
  - Disporase dun cartel identificativo colocado fora do lugar de impartición coa numeración e denominación do taller temático e a data de cada taller seguindo o modelo que subministrará a OPP95 e outro cartel dentro do lugar de impartición.
  - Recollerarse unha listaxe de asistentes para cada taller que incluirá indicación do financiamento público cos logotipos do fondo FEMPA, Xunta de Galicia e a OPP95. Se entregará modelo desde a OPP95 ao adxudicatario.
  - Informe fotográfico da colocación dos carteis e da impartición.



CONSELLERÍA  
DO MAR



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Coa factura e finalización da actividade entregarase una memoria xustificativa asinada polo proveedor que inclúa todo o material e evidencias da execución de cada un dos traballos.

Prazo máximo de execución: 30/12/2024

Orzamento de licitación da anualidade: 20.000,00 € (impostos non incluidos).

### **ANUALIDADE 2025 - 30.000,00 €**

#### **Traballo 3: Organización e impartición de 12 talleres formativos teórico-prácticos en 2024 coas seguintes características:**

- Organizar de 12 talleres formativos a escoller entre os 5 talleres temáticos para os que xeran os contidos e unidades didácticas en función das necesidades e intereses dos produtores.
- Duración de cada taller: 4 horas
- Lugar de impartición: instalacións da OPP NOIA.
- O material específico para os cursos levará unha indicación ao financiamento público cos logotipos do fondo FEMPA, Xunta de Galicia e a OPP95. Se entregará modelo desde a OPP95 ao adxudicatario.
- Para cada curso:
  - Disporase dun cartel identificativo colocado fora do lugar de impartición coa numeración e denominación do taller temático e data de cada taller seguindo o modelo que subministrará a OPP95 e outro cartel dentro do lugar de impartición.
  - Recollerarse unha listaxe de asistentes para cada taller que incluirá indicación do financiamento público cos logotipos do fondo FEMPA, Xunta de Galicia e a OPP95. Se entregará modelo desde a OPP95 ao adxudicatario.
  - Informe fotográfico da colocación dos carteis e da impartición.

Coa factura e finalización da actividade entregarase una memoria xustificativa asinada polo proveedor que inclúa todo o material e evidencias da execución de cada un dos traballos.

Prazo máximo de execución: 30/12/2025

Orzamento de licitación da anualidade: 30.000,00 € (impostos non incluidos).

### **ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN: 50.000,00 € (Impostos non incluídos)**

#### **OBSERVACIÓNES.**

- (1) Emitirsase un orzamento desglosado por anualidades, partidas e unidades a dous decimales como máximo.
- (2) Na factura proforma non se poderán superar os importes máximos para cada anualidade.